



DOG Núm. 45

Luns, 05 de marzo de 2007

Páx. 3.228

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.*

Nas sociedades modernas o sistema educativo debe cumprir un papel fundamental na formación das persoas. Por isto, tamén resultan de vital importancia os medios e as circunstancias en que se desenvolve o propio acto educativo. A lexislación máis actual reserva un espazo destacado á tarefa conciliadora da vida educativa e familiar coa laboral, e de eliminar, por tanto, aqueles obstáculos económicos, sociais e de calquera outra índole que dificultan ou impiden o desenvolvemento do dereito á educación constitucionalmente recoñecido.

Por outra banda, os profundos cambios sociais e culturais producidos na sociedade galega e as dificultades das mulleres e dos homes para compaxinar a súa vida laboral coa educación das súas fillas e fillos fan necesaria a ampliación e modificación dos servizos educativos complementarios, que pretenden dar unha resposta axeitada e eficaz a estes cambios para facilitar a vida das familias en condicións de máxima igualdade e compensación das súas necesidades.

Nesta liña, o comedor escolar é un servizo complementario de carácter educativo que, ademais de servir á Administración educativa como factor importante para a escolarización, tamén desenvolve unha destacada función social e educativa. Así, os comedores escolares, ademais de cumpriren unha función básica de alimentación e nutrición, están integrados na vida e organización dos centros educativos de tal maneira que a súa programación, desenvolvemento e avaliación forma parte da programación xeral anual do centro educativo.

Os cambios operados na sociedade e no propio sistema educativo aconsellan unha regulamentación do servizo de comedor escolar que facilite a conciliación da vida familiar e laboral. De acordo con todo o anterior, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria pretende prestar unha especial atención á calidade do servizo de comedor mediante o desenvolvemento dunha norma que regule a organización, funcionamento e xestión do mencionado servizo.

Na súa virtude, no exercicio das competencias atribuídas no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, e en uso das atribucións conferidas polo Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro (DOG nº 26, do 6 de febreiro),

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito de aplicación.

1. Esta orde ten como obxecto regular a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar.

2. Entenderase como servizo de comedor os servizos de xantar e de atención aos usuarios nos períodos de tempo libre anterior e posterior nos cales se fomentarán programas de promoción da saúde, hábitos alimentarios e habilidades persoais.

3. Esta orde será de aplicación en todos os centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que impartan ensinanzas nos niveis de educación infantil (segundo ciclo), primaria e secundaria obrigatoria, que contén co servizo de comedor escolar.

Artigo 2º.-Modalidades de prestación do servizo.

1. O servizo de comedor prestarase nalgunha da seguintes modalidades:

a) Xestión directa polo propio centro, por medio de persoal funcionario, docente ou non, e por persoal laboral, dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que exercerán as funcións recollidas nesta orde.

b) Xestión directa mediante a elaboración de comidas centralizadas en cociñas propias con persoal da Administración, e transportadas a outros centros docentes próximos, contratando o mencionado servizo cunha empresa do sector hostaleiro.

c) Contratación da subministración de comidas preparadas ou da elaboración de comidas nas dependencias do centro, a cargo dunha empresa do sector hostaleiro adxudicataria do servizo polo procedemento que corresponda.

As modalidades utilizadas con carácter xeral serán a) e b); cando iso non sexa aconsellable, e estea debidamente xustificado, prestarase o servizo pola modalidade c).

2. Excepcionalmente, a Administración educativa poderá colaborar na xestión e organización do servizo cos respectivos concellos, deputacións ou outras institucións públicas ou privadas, así como con outras entidades ou colectivos, como poden ser as asociacións de nais e pais de alumnos e as súas federacións.

3. Nos centros en que, existindo ensinanzas de hostalaría e/ou similares, que requiran a realización de prácticas de cociña, e funcione á vez o servizo de comedor escolar, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e os responsables do centro, deberán acordar o establecemento dunha xestión directa singular, tanto no económico como no funcional, que permita compatibilizar e rendibilizar ao máximo o desenvolvemento da docencia práctica das citadas ensinanzas e unha correcta prestación do servizo de comedor.

Artigo 3º.-Contratación do servizo.

1. Cando o servizo de comedor escolar sexa xestionado mediante contratación cunha empresa do sector hostaleiro, esta realizaraa a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Para os casos en que o servizo se preste baixo a modalidade recollida no artigo 2.1º.b. do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, será a Consellería de

Educación e Ordenación Universitaria a encargada de realizar a correspondente contratación para transporte e subministración das comidas aos centros afectados.

3. A contratación do servizo de comedor escolar rexerese polo disposto na lexislación xeral de contratos das administracións públicas e polos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que para o efecto se aproben.

Dentro dos criterios de valoración que se fixen para a adxudicación do mencionado servizo, valorarase de xeito especial aquelas empresas que acrediten o desenvolvemento dunha política de igualdade entre homes e mulleres na súa liña de contratación de persoal.

4. As empresas de alimentación seleccionadas deberán cumprir a normativa hixiénico-sanitaria para industrias dedicadas á elaboración, distribución e comercio de comidas preparadas contida no Real decreto 3484/2000,

do 29 de decembro, e no Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios, así como calquera outra norma que o substitúa ou modifique.

Así mesmo, cando as comidas se elaboren fóra das instalacións do centro, as empresas adxudicatarias do servizo disporán do preceptivo número de rexistro xeral sanitario de alimentos da Consellería de Sanidade.

Artigo 4º.-Apertura e funcionamento.

1. A solicitude de apertura do servizo de comedor escolar será presentada polo/a director/a do centro escolar, por proposta do seu Consello Escolar, e oídas as asociacións de nais e pais de alumnos e o claustro de profesorado, ao/á delegado/a provincial de Educación e Ordenación Universitaria antes do 1 de maio do curso anterior a aquel para o cal se solicita a apertura.

2. A Administración educativa, por necesidades de escolarización nun centro, poderá iniciar de oficio o procedemento de apertura e funcionamento do servizo de comedor escolar.

3. A solicitude de apertura, segundo o modelo que se achega como anexo I, presentarse na delegación provincial correspondente, acompañada da seguinte documentación:

a) Certificación do acordo do consello escolar en que se solicita a apertura do servizo de comedor escolar.

b) Proposta, se é o caso, sobre modalidade de xestión do servizo e xustificación dela.

c) Calendario e horario de funcionamento.

d) Número de comensais para os que solicita o servizo e capacidade do local destinado a comedor.

e) Localización no centro das distintas dependencias do servizo de comedor escolar, planos e informe de necesidades de adaptación e, se for o caso, mobiliario acorde coa normativa vixente.

f) Informe da Inspección de Saúde Pública sobre as condicións da instalación para uso do comedor e da cociña, se é o caso.

g) Memoria de actividades complementarias:

-Actividades programadas durante a quenda de comedor que reflectan a dimensión educativa deste servizo e favorezan o desenvolvemento de hábitos relacionados coa alimentación saudable e a hixiene.

-Actividades educativas de lecer e tempo libre programadas para desenvolver nos períodos inmediatamente anterior e posterior ao xantar, planificadas para favorecer a solidariedade, igualdade e integración de todo o alumnado.

h) No caso de que a modalidade de prestación do servizo de comedor se axuste ao disposto no artigo 2.3º do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, exixirase o compromiso da entidade correspondente de asumir a xestión e o financiamento, así como o do consello escolar de asumir a supervisión do seu funcionamento.

4. Autorización e modificación.

a) Verificados todos os documentos preceptivos enumerados anteriormente, o Servizo de Recursos Educativos Complementarios da delegación correspondente, no prazo dun mes, recompilará nun só informe a seguinte documentación:

-Equipamento e menaxe necesario para o funcionamento do servizo de comedor.

-Estudo económico do servizo de comedor.

-Estudo da unidade técnica provincial sobre a idoneidade dos espazos e instalacións ofertadas. No suposto de seren necesarias obras de acondicionamento, memoria económica delas.

-Memoria sobre cumprimento en materia de riscos laborais.

Unha vez emitido o citado documento, a Inspección educativa, á vista do expediente, emitirá informe nun prazo máximo de 15 días sobre os aspectos educativos e pedagóxicos da implantación dese servizo en relación coas condicións máis favorables á escolarización do alumnado e o seu desenvolvemento harmónico dentro da sociedade

b) A/o delegada/o provincial autorizará, á vista do expediente, a apertura, funcionamento e/ou modificación dos comedores escolares que cumpran os requisitos establecidos nesta orde, mediante a correspondente resolución de autorización, segundo o modelo do anexo II. A autorización realizarase logo de informe da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da existencia de crédito para asumir o gasto proposto, se for o caso, e terá carácter indefinido sempre que se manteñan as condicións básicas recollidas nela.

c) No suposto de que o centro desexe realizar modificacións das características básicas e/ou do calendario e/ou horario do comedor escolar, estas deberá solicitálas o/a director/a do centro, no prazo fixado para solicitar a autorización do servizo de comedor, na delegación provincial correspondente, onde se

procederá ao seu estudo e viabilidade económica segundo a existencia de crédito axeitado, e a súa posterior autorización, se for o caso.

O incumprimento das condicións e requisitos establecidos neste orde, poderá derivar na supresión do servizo de comedor escolar.

Artigo 5º.-Clasificación dos comedores escolares.

1. Poderán distinguirse ata cinco tipos de comedores escolares, segundo o número de comensais, independentemente da modalidade de xestión por que se opte, coa seguinte clasificación:

-Comedores tipo A ata 75 comensais.

-Comedores tipo B de 76 a 150 comensais.

-Comedores tipo C de 151 a 250 comensais.

-Comedores tipo D de 251 a 350 comensais.

-Comedores tipo E máis de 351 comensais

Terá a consideración de comensal aquela persoa que faga uso do servizo de comedor.

2. Os centros docentes públicos que dispoñan dun servizo de comedor xestionado pola modalidade regulada no 2.1ºa) desta orde contará cun cadro de persoal laboral, integrado por un número de profesionais variable de acordo co tipo de comedor, tal e como se detalla:

-Comedor tipo A: 1 oficial 2ª de cociña.

-Comedor tipo B: 1 oficial 2ª de cociña e 1 axudante de cociña.

-Comedor tipo C: 1 oficial 2ª de cociña e 2 axudantes de cociña.

-Comedor tipo D: 1 oficial 2ª de cociña e 3 axudantes de cociña.

-Comedor tipo E: 1 oficial 2ª de cociña e 4 axudantes de cociña

Excepcionalmente, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderá conceder un reforzo de persoal laboral, logo de informe favorable da Inspección educativa, nos seguintes supostos:

-Cando un centro con servizo de comedor tipo E conte cun número de comensais superior a 400.

-Cando o servizo de comedor dispoña de máis dunha quenda, en función do número de comensais e tipo de comedor.

Artigo 6º.-Duración do servizo de comedor escolar.

A duración do servizo de comedor escolar axustarase ao disposto na orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que establece o calendario escolar para o curso correspondente.

Artigo 7º.-Usuarios/as do servizo de comedor.

1. Poderán ser usuarios/as do servizo de comedor escolar:

a) Todo o alumnado do centro, correspondendo ao consello escolar do centro a selección e admisión nos casos en que o número de solicitudes supere o de prazas dispoñibles, ao tempo que se procurará a ampliación do comedor consonte as demandas existentes.

b) O persoal encargado da atención ao alumnado usuario do comedor, independentemente da súa categoría e relación de emprego.

c) O profesorado e persoal non docente do centro que soliciten o servizo, sempre que existan prazas vacantes, e se dispoña de persoal colaborador suficiente para a atención do alumnado.

2. O servizo de comedor escolar poderá ser solicitado por todo o alumnado do centro que desexe facer uso del.

3. Os representantes legais do alumnado dos centros que contén con servizo de comedor escolar poderán solicitar praza, en nome do seu representado, facéndoo constar na correspondente solicitude de admisión para o curso vindeiro.

4. As solicitudes, dirixidas á dirección do centro docente, presentaranse preferentemente na Secretaría do centro en que o/a alumno/a está inscrito ou solicitase praza. Así mesmo, tamén poderán presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou por calquera dos medios establecidos na lexislación vixente.

5. A selección e admisión de usuarios do servizo de comedor, cando existan máis solicitudes que prazas dispoñibles, correspóndelle ao consello escolar do centro, tendo en conta o número de prazas de comedor que precise para o persoal de atención ao alumnado. No taboleiro de anuncios expoñerá a listaxe provisoria de admitidos e de suplentes, respetando estritamente a seguinte orde de preferencia:

-Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.

-Alumnado beneficiario do servizo de transporte escolar.

-Alumnado en situación socioeconómica desfavorable ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, acreditado con informe da asistente social do concello que corresponda.

-Alumnado membro de familias numerosas

-Alumnado, fillos de pais e nais traballadores con incompatibilidade demostrada dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía.

-Outro alumnado do centro.

-Persoal docente e non docente que preste servizos no centro.

Aquel alumnado con alerxias ou intolerancias alimentarias deberán ser admitido nas mesmas condicións de igualdade que todos os demais no que atinxe aos criterios de preferencia anteriormente descritos.

6. Os centros docentes poderán atender solicitudes de praza ao servizo de comedor escolar presentada fóra do prazo establecido, sempre que dispoñan de vacantes e nas condicións anteriormente reflectidas.

7. En relación coas listaxes provisorias de admitidos e suplentes, os/as interesados/as poderán presentar as alegacións que coiden oportunas ante o consello escolar do centro no prazo de cinco días hábiles, contados a partir da data de publicación da citada listaxe.

Artigo 8º.-Atención ao alumnado usuario do servizo.

1. Nas tarefas de atención ao alumnado que utiliza o servizo de comedor escolar poderán participar o persoal docente, os/as monitores/as escolares e os/as coidadores/as de educación especial do centro e demais membros da comunidade educativa, se for o caso, e persoal laboral, podendo prestarse este servizo mediante outras formas de xestión.

2. Nos centros con servizo de comedor escolar de xestión directa, a vixilancia no tempo libre anterior, durante e posterior ao xantar será realizada, con carácter voluntario, polo profesorado do centro. De non existir profesorado que voluntariamente se encargue das tarefas de atención ao alumnado, a persoa responsable da dirección do centro, logo de informe do consello escolar, adoptará as medidas que considere oportunas, excluindo, en todo caso, calquera contratación que poidese xerar algún tipo de vínculo laboral coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Cando o número de voluntarios exceda as necesidades de vixilancia do comedor correspondente, o consello escolar poderá establecer quendas rotatorias con indicación dos períodos en que o citado persoal desenvolva as súas funcións.

O persoal, docente ou non, que participe voluntariamente na tarefa de atención ao alumnado no servizo de comedor escolar non poderá abandonala, a non ser por causa xustificada, e sempre con coñecemento e autorización da dirección do centro.

3. Nos centros con servizo de comedor escolar adxudicado a unha empresa, o servizo de vixilancia e atención ao alumnado poderá ser prestado ben por persoal do centro ou pola empresa adxudicataria, a cal acreditará a idoneidade profesional do persoal que destine ás referidas funcións, con pleno respecto ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

4. Cando o servizo de comedor escolar se preste pola modalidade de convenio con outras institucións, públicas ou privadas, estas serán as responsables de contratar o persoal necesario e idóneo para o desenvolvemento das tarefas de vixilancia e atención ao alumnado nos termos que se recollan no propio convenio de colaboración e de acordo co establecido nesta orde.

5. O persoal de atención educativa, apoio e vixilancia do servizo de comedor, ademais da imprescindible presenza física durante a prestación do servizo no seu conxunto, desenvolverá as seguintes funcións:

a) Cumprir co labor de coidado, atención educativa ao alumnado e apoio ás actividades establecidas de

acordo co programa anual do servizo de comedor escolar.

b) Coordinar tarefas relativas á educación para a saúde, adquisición de hábitos sociais e unha correcta utilización e conservación da menaxe de comedor.

c) Axudar os alumnos e as alumnas que, por idade ou necesidades asociadas a condicións persoais específicas de discapacidade, necesiten a colaboración e soporte dun adulto nas actividades de alimentación e aseo.

d) Informar o equipo directivo do centro, no modelo de impreso que este lles facilitará, de calquera incidencia relacionada co desenvolvemento do servizo de comedor, para que aquel o poña en coñecemento das familias.

e) Atención ao alumnado nos períodos de antes e despois do xantar, basicamente no exercicio e desenvolvemento de actividades programadas para eses períodos, atendendo ás orientacións do encargado do servizo de comedor escolar.

f) En razón do carácter educativo do servizo de comedor escolar fomentarase a colaboración do alumnado a partir de 5º de primaria, sen que iso supoña, a ausencia física ou substitución do persoal habitual encargado da

atención no devandito servizo.

O persoal de atención ao alumnado no servizo de comedor virá determinado en función do total dos alumnos e alumnas comensais, de acordo coa seguinte ratio:

-Educación secundaria obrigatoria.

\* N° alumnado: ata 35.

Persoal de atención: 1 persoa.

\* N° de alumnado: de 36 a 70.

Persoal de atención: 2 persoas.

\* N° alumnado: de 71 a 100.

Persoal de atención: 3 persoas.

\* N° alumnado: máis de 100.

Persoal de atención: 4 persoas.

-Educación primaria.

\* N° alumnado: ata 30.

Persoal de atención: 1 persoa.

\* N° alumnado: de 31 a 60.

Persoal de atención: 2 persoas.

\* N° alumnado: de 61 a 90.

Persoal de atención: 3 persoas.

\* N° alumnado: de 91 a 120.

Persoal de atención: 4 persoas.

\* N° alumnado: máis de 120.

Persoal de atención: 5 persoas.

-Educación infantil.

\* N° alumnado: ata 15.

Persoal de atención: 1 persoa.

\* N° alumnado: de 16 a 30.

Persoal de atención. 2 persoas.

\* N° alumnado: de 31 a 50.

Persoal de atención. 3 persoas.

\* N° alumnado: de 51 a 70.

Persoal de atención: 4 persoas.

\* N° alumnado: máis de 70.

Persoal de atención: 5 persoas.

No caso do alumnado con necesidades educativas específicas o/a delegado/a autorizará a ratio en función das circunstancias concretas en cada caso, logo de informe do consello escolar.

Artigo 9º.-Persoal laboral do servizo de comedor escolar.

1. Será competencia do persoal laboral do servizo de comedor as seguintes funcións, acordes coa súa categoría profesional, nos termos que estableza o convenio colectivo de aplicación, e que a título indicativo se sinalan:

-Elaboración de comidas de acordo co menú aprobado polo consello escolar.

-Velar pola calidade e conservación dos alimentos, cumprindo as normas de sanidade e hixiene.

-Servizo de atención ás mesas dos usuarios.

-Limpeza das instalacións e equipamentos do servizo de comedor escolar, coidando o seu uso e conservación.

-Informar o encargado do servizo de comedor escolar daquelas outras cuestións que afecten o funcionamento do servizo.

-Colaborar no seguimento dos protocolos de seguranza e hixiene e de riscos laborais.

-Asistir, se é o caso, ás actividades específicas programadas dentro do Plan de formación continuada.

2. Nos centros en que o servizo de comedor sexa da modalidade de xestión por unha empresa ou a través dun convenio de colaboración con algunha institución pública ou privada, as anteriores funcións serán prestadas por persoal contratado pola empresa ou institución correspondente, debendo controlar esta o cumprimento, sen menoscabo das funcións inherentes ao equipo directivo do centro e/ou encargado do comedor, se é o caso.

Artigo 10º.-Persoal docente encargado do servizo de comedor escolar.

1. Un membro do equipo directivo actuará en calidade de encargado da xestión do servizo de comedor escolar, sen prexuízo das funcións que lles correspondan ao director/a e ao secretario/a, segundo o regulamento orgánico do centro. A persoa respon-

sable da dirección poderá designar encargado/a un profesor/a do centro, se o/a interesado/a o acepta voluntariamente; en caso contrario, será o consello escolar quen faga unha proposta de entre os membros da comunidade educativa.

2. A persoa encargada do servizo de comedor escolar terá as seguintes funcións:

-Coordinar un plan de actividades que permita o desenvolvemento de aspectos e normas relacionadas co hábito de saber comer, e de relación social no contorno do servizo de comedor escolar.

-Potenciar o desenvolvemento de actividades de lecer e tempo libre para dinamizar a atención e vixilancia do alumnado usuario.

-Executar as tarefas propias de coordinación e supervisión necesarios para o funcionamento do servizo de comedor.

-Organizar o funcionamento do servizo de comida de mediodía.

-Elaborar a actualización periódica do inventario do equipamento do servizo de comedor e a súa reposición.

-Elevar á dirección do centro propostas sobre control e mellora de menús, así como da distribución do orzamento e control do gasto, a través da comisión do servizo de comedor escolar a que se fai referencia no artigo 13.4º desta orde.



3. Cando o servizo de comedor sexa contratado cunha empresa hostaleira, as funcións reflectidas asumiraas a propia empresa.

4. Para lograr unha mellor planificación e seguimento das súas funcións, a persoa encargada do servizo de comedor as asume para todo o curso escolar, salvo circunstancias excepcionais, logo de xustificación e autorización da dirección do centro.

Artigo 11º.-Organización e funcións: atribucións do consello escolar, do equipo directivo e do persoal colaborador en relación co servizo de comedor escolar.

Corresponde aos órganos colexiados e unipersoais do centro, en relación co funcionamento do servizo de comedor escolar na modalidade de xestión directa, as seguintes funcións:

#### 1. O consello escolar:

-Propoñer á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través da delegación provincial correspondente, a solicitude de apertura e funcionamento do servizo de comedor escolar.

-Aprobar dentro da normativa vixente un protocolo propio que recollerá as directrices de organización e funcionamento do servizo de comedor escolar, así como o seu seguimento e avaliación durante o curso escolar. Este protocolo será parte integrante do regulamento orgánico do centro.

-Aprobar o proxecto de orzamento de ingresos e gastos do servizo, como parte anual do orzamento do centro. Así mesmo, aprobará a súa xustificación de gastos.

-Decidir sobre a admisión do alumnado usuario, de acordo cos criterios de prioridade establecidos nesta orde.

-Aprobar o plan de actividades educativas e recreativas que desenvolverá alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.

-Aprobar a creación da comisión do servizo de comedor escolar.

-Aprobar os menús de acordo coas necesidades de alimentación do alumnado, por proposta da comisión do servizo de comedor escolar.

-Propoñer a relación de alumnado beneficiario total ou parcialmente do servizo de comedor escolar, de acordo cos criterios establecidos para tal fin.

#### 2. Director/a do centro:

-Elaborar co equipo directivo, e de acordo coa comisión do servizo de comedor, o protocolo de funcionamento do servizo de comedor escolar, como parte integrante da programación xeral anual do centro.

-Dirixir e coordinar o servizo de comedor escolar e designar o persoal docente que voluntariamente participe nas tarefas de atención ao alumnado.

-Supervisar o correcto funcionamento do servizo de comedor prestado polo centro.

-Estudar e elaborar o proxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.

-Autorizar os gastos, e ordenar os pagamentos necesarios para o seu bo funcionamento.

-Verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del.

-Facer as contratacións de subministración, se for o caso, de acordo coa lexislación vixente.

-Coordinar as tarefas do persoal que preste servizos no comedor escolar.

-Presidir, se for o caso, a comisión do servizo de comedor escolar.

-Velar polo cumprimento das normas sobre sanidade e hixiene, de acordo cos protocolos que para o efecto remitirá a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

-Calquera outra función necesaria para o correcto funcionamento do servizo.

3. Existirá unha comisión do servizo de comedor escolar, que será a mesma comisión económica do centro pero integrada, ademais, pola persoa encargada do servizo de comedor. Esta comisión desenvolverá as seguintes funcións:

-Elaborar o borrador de anteproxecto de orzamento do servizo de comedor escolar.

-Colaborar co equipo directivo e o encargado do servizo de comedor, se for o caso, na xestión económico-administrativa dos fondos do servizo de comedor.

-Propoñer ao consello escolar os menús, de acordo cun programa de alimentación sa e equilibrada.

-Elaborar e propoñer ao consello escolar un plan de actividades que desenvolverá o alumnado que utilice o servizo de comedor escolar.

-Seguimento do servizo de comedor, formulando propostas de mellora, se é o caso, ante o consello escolar.

-Velar polo cumprimento das normas vixentes sobre sanidade e hixiene.

-Calquera outra función necesaria para o correcto desenvolvemento do servizo de comedor.

Artigo 12º.-Elaboración de menús e dieta equilibrada.

1. A Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá, por si mesma ou por medio de convenios, a publicación e envío aos centros de protocolos ou guías relativas ás necesidades nutricionais do alumnado, o valor calórico dos nutrientes e as características gastronómicas de cada estación do ano, elaboradas e/ou supervisadas por persoal experto en nutrición e dietética.

2. A dirección do centro programará os menús de 4 a 6 semanas de acordo con criterios de alimentación sana e equilibrada do alumnado. Este menú será o mesmo para todos os comensais que fagan uso do servizo, sexa alumnado ou persoal do centro. Non obstante, o alumnado do centro que teña algún tipo de intolerancia ou alerxia alimentaria medicamente documentada disporá dun menú adecuado ás súas necesidades. Estes menús serán autorizados polo consello escolar e estarán xustificados mediante certificación médica. Se os pais e as nais o prefiren, o centro facilitará os medios necesarios para a conservación, en quente ou frío, do menú proporcionado pola familia para o seu consumo polo/a alumno/a respectivo/a.

3. Coa finalidade de que as familias poidan completar o réxime alimenticio dos seus fillos e fillas, de acordo cos criterios dunha alimentación saudable e equilibrada, a programación dos menús expoñerase no taboleiro de anuncios do centro e darase a coñecer aos pais e nais do alumnado usuario do comedor escolar, incluíndo o tipo de preparación, así como a composición das gornicións e as sobremesas.

Artigo 13º.-Normativa e medidas de seguranza e hixiene.

1. Todos os comedores escolares deberán cumprir as exixencias establecidas no Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios, o Real decreto 3484/2000, do 29 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene para a elaboración, distribución e comercio das comidas preparadas, e o Real decreto 202/2000, do 11 de febreiro, sobre manipuladores de alimentos, así como as demais disposicións legais vixentes en materia de comedores colectivos.

2. De acordo coa normativa vixente está prohibido o consumo de bebidas alcohólicas e tabaco nos centros educativos e, polo tanto, nas instalacións onde se presta o servizo de comedor escolar.

3. Todos os comedores escolares autorizados contarán cun libro de control oficial de establecementos alimentarios, así como o de Inspección de traballo.

4. Durante o primeiro trimestre do curso escolar, a Secretaría Xeral de Educación e Ordenación Universitaria facilitará á Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade a relación de comedores autorizados así como dos servizos que presta, a fin de que os seus técnicos efectúen as visitas e informes oportunos do seu estado e funcionamento.

5. Antes de comezar o curso escolar, o director ou directora do centro dará as instrucións oportunas para que se revisen todas as instalacións de cociña, almacenamento, rede eléctrica e tomas de auga e gas, así como a desinsectación e desinfección dos locais e utensilios de cociña, despensas, almacén e comedor. Así mesmo, o/a director/a velará para que se leve a cabo un control continuo e adecuado das etiquetas dos produtos envasados e enlatados, datas de caducidade e consumo preferente.

Artigo 14º.-Gratuidade ou axudas do servizo de comedor.

1. Será beneficiario da totalidade da axuda establecida para o servizo de comedor escolar o alumnado escolarizado no centro nos niveis de ensino obrigatorio e segundo ciclo de educación infantil que sexa beneficiario do servizo de transporte escolar, o alumnado en situación socioeconómica desfavorable, sempre que o acredite documentalente.

Tamén gozará deste servizo gratuíto o persoal regulado nos artigos 8, 9 e 10 da presente orde. Non obstante, cando se dea o suposto recollido no parágrafo segundo do artigo 8.2º, o persoal unicamente terá dereito á gratuidade do servizo de comedor nos períodos en que desenvolva o labor de atención aos usuarios.

2. Así mesmo, serán beneficiarios da mencionada axuda, total ou parcial do 50%, o alumnado do centro que, non incluído no parágrafo anterior cumpra o requisito de renda económica ou sexa membro de familia numerosa.

3. Entenderase que o alumnado cumpre o requisito de renda económica:

-Para os efectos de ser beneficiario de gratuidade total do servizo de comedor cando a renda neta anual da unidade familiar, dividida entre o número dos membros que a integran, non supere a cantidade de 3,5 veces o IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples).

-Para os efectos de ser beneficiario de gratuidade parcial do 50% do servizo de comedor cando a renda neta anual da unidade familiar, dividida entre o número de membros que a integran, se atope entre 3,5 e 5,5 veces o IPREM (indicador público de renda de efectos múltiples).

4. Entenderase que o alumnado cumpre o requisito de familia numerosa:

-Para os efectos de ser beneficiario de gratuidade total do servizo de comedor cando o número de fillos/as sexa de catro ou máis.

-Para os efectos de ser beneficiario de gratuidade parcial do 50% do servizo de comedor cando sexa tres o número total de fillo/as.

5. Deberán aboar a cantidade correspondente á axuda para comedor concedida pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por alumno/a e día, todo aquel alumnado, incluído os/as fillos/as do persoal de comedor, persoal do centro, docente ou non, que non se atope incluído nos parágrafos anteriores.

6. O consello escolar de cada centro docente dará a máxima información ás familias sobre o servizo de comedor escolar prestado no centro, para que poidan beneficiarse das súas axudas e prestacións, de acordo co disposto nesta orde.

Artigo 15º.-Financiamento e control do gasto.

1. O servizo de comedor escolar financiarase cos seguintes ingresos:

a) Achegas da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para cubrir o custo dos servizos bonificados segundo a porcentaxe que corresponda en cada caso, que se determinarán anualmente consonte o disposto no artigo 13 do Decreto 10 /2007, do 25 de xaneiro.

b) Así mesmo, existirá un fondo complementario, que será distribuído pola comisión provincial de comedores escolares regulada no artigo 16 do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro, cuxa finalidade será a de atender ás necesidades específicas de cada comedor escolar.

c) Achegas dos usuarios.

d) Aquelas achegas en forma de axuda ou doazón recibidas doutros organismos públicos ou privados, concedidas de acordo co disposto na normativa vixente na materia.

2. A parte de financiamento do servizo de comedor escolar correspondente á Administración educativa será aboada con cargo aos créditos dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia nos seus capítulos I, II, IV e VI segundo a natureza do gasto que se vai realizar.

3. A xestión económica do comedor escolar, ademais de constar nos rexistros da actividade económica que están establecidos con carácter xeral para todos os centros docentes públicos de Galicia, constará nunha conta específica para tal fin. Así mesmo, terase un rexistro de ingresos (segundo o modelo do anexo III) e un rexistro de gastos (anexo IV) do servizo de comedor, a xustificación dos cales será presentada, trimestral e anualmente (anexo V) polo/a director/a do centro ao Servizo de Recursos Educativos Complementarios da delegación provincial correspondente, unha vez aprobada polo consello escolar.

4. A elaboración do orzamento de ingresos e gastos do servizo de comedor escolar no centro será realizada polos órganos competentes, dentro da súa autonomía de xestión.

5. Para efectuar o pagamento do servizo, os usuarios de comedor deberán ingresar na conta específica regulada no número 3 do presente artigo o importe mensual ou trimestral do prezo do menú, de acordo co que para tales efectos decida o consello escolar do centro.

A falta de aboamento do importe do servizo por parte dos usuarios, será causa de perda da praza de comedor por acordo do consello escolar do centro.

6. O estado de gastos do orzamento anual do servizo de comedor escolar incluírá tamén a adquisición do mobiliario e utensilios inventariables precisos para o funcionamento do servizo, ata un máximo do 15% dos ingresos do comedor procedentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

7. Para o caso de créditos remanentes do exercicio anterior, será de aplicación o establecido no Decreto 201/2003, do 20 de marzo, polo que se desenvolve a autonomía na xestión económica dos centros docentes públicos non universitarios.

Artigo 16º.-Aboamento ao persoal de atención ao alumnado do servizo de comedor.

1. O/A director/a, o/a secretario/a, o/a encargado/a do comedor e o persoal, laboral ou funcionario, que exerza as funcións de atención ao alumnado usuario do comedor, terán dereito a un complemento por servizos extraordinarios, como contraprestación da súa actividade e xestión, que será aboado en función do número de días de asistencia ao comedor.

2. A contía do complemento por servizos extraordinarios a que se refire o parágrafo anterior será establecida na instrución que para o efecto se remita aos centros para cada curso escolar. O seu importe será actualizado cada ano na mesma porcentaxe que se fixe como incremento das retribucións de carácter xeral dos funcionarios públicos.

3. En casos excepcionais, e tendo en consideración a especial dedicación que puider ter lugar nalgúns casos, ese complemento por servizos extraordinarios poderá ser tratado de xeito individualizado.

4. O aboamento do citado complemento realizarase coa nómina ao final de cada trimestre, segundo o número real de días en que colaborou, sen que esta achega económica orixine ningún dereito de tipo individual.

5. Para os efectos do previsto nos números 1, 2 e 3 deste artigo, os/as directores/as dos centros mecanizarán informaticamente a relación nominal do persoal docente que preste este servizo de atención ao alumnado cos

días exactos de efectiva participación.

6. Así mesmo, cando haxa pais ou nais que voluntariamente exerzan a función de apoio e atención

aos usuarios do comedor, estes tamén terán dereito a unha axuda económica concedida con cargo aos fondos complementarios distribuídos pola comisión provincial regulada no artigo 16 do Decreto 10/2007, do 25 de xaneiro.

Artigo 17º.-Instrucións de comezo de curso.

Antes do 1 de maio, a Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria fará públicas as instrucións de organización e funcionamento do servizo de comedor para o curso escolar seguinte nos centros de educación infantil (segundo ciclo), primaria e secundaria, nas cales se especificarán entre outros, os seguintes aspectos:

-Prezos máximos de referencia por alumno/día do servizo de xantar.

-Documentación que presentará o alumnado beneficiario de axuda, total ou parcial, do servizo de comedor prestado no centro.

-A actualización do importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirá o/a director/a, secretario/a, persoa responsable do servizo de comedor e restante persoal, funcionario ou laboral, de atención ao alumnado usuario do servizo de comedor.

Artigo 18º.-Avaliación e seguimento.

1. As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a través dos seus servizos de inspección, arbitrarán fórmulas de control e seguimento e avaliación periódica do funcionamento, xestión e organización do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos do seu ámbito de competencia.

2. Na memoria final de curso incluírase unha parte sobre o funcionamento do servizo de comedor escolar, así como as propostas de mellora que se coiden convenientes, cunha valoración económica delas, que será obxecto de coñecemento e valoración do consello escolar, e da cal se lle dará traslado á Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta norma.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral para ditar cantas disposicións e instrucións consideren necesarias para a execución e cumprimento do previsto nesta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2007.

Laura Sánchez Piñón

Conselleira de Educación e Ordenación

Universitaria

